

Entrevista | Xan Rodríguez

PRESIDENTE DO COLEXIO DE ARQUITECTOS DE OURENSE

«Ao mellor ten que pechar algún estudio por culpa da crise»

O parón inmobiliario, o código técnico da edificación ou a anulación do PXOM son feitos que están a supoñer unha fonda preocupación no colectivo dos arquitectos

ANTONIO NESPEREIRA
OURENSE

A situación pola que atravesamos o sector da construción non é doada. Os arquitectos como actores de reparto neste escenario, sofren tamén as súas consecuencias. Neste momento están colexiados máis de 200 profesionais que, nalgún caso, ven xa como diminúe a súa carga de traballo e ven o futuro con certa preocupación. Xan Rodríguez, presidente do colectivo, é bastante pesimista e avalía algunha das claves pola que está pasando o sector nestes tempos.

—Como viven os arquitectos estes momentos un tanto incertos?

—A verdade é que con bastante preocupación. Non hai motivos polo de agora para amosar ledicia e a situación é obxecto constante de comentario entre todos os colexiados. Non é que sexan os arquitectos os únicos que están preocupados, porque hai outros moitos colectivos afectados, pero a carga de traballo está indo á baixa.

—Que incide nese proceso?

—O parón inmobiliario é o máis salientable, pero tamén a posta en marcha doutras medidas como a aplicación do decreto do hábitat que fixo que se paralizasen algúns proxectos xa que se cambian algúns aproveitamentos. Todas estas cousas provocan

tensións entre os arquitectos e, por si todo isto fose pouco, as sentencias contra o plan de urbanismo da cidade foi coma un auténtico xerro de auga fría.

—Como observan os arquitectos as solucións que se lle queren dar á suspensión do planeamento?

—A verdade é que non teño noticias directas do que está a facer o Concello e sobre si queren contar connosco. As liñas de actuación estaranse perfilando e haberá que esperar un tempo prudencial. A verdade é que non teñen moitas opcións e as que tomen deberían ter xa certa urxencia e o noso ofrecemento como colectivo é apoiar para saír canto antes desta situación.

—Pese á crise durante os últimos meses houbo moitos visados de proxectos.

—Si, pero é algo conxuntural porque se produxo ese acelerón para evitar que se visen afectados polas medidas que impoñían as normas do hábitat. Xa pasara algo semellante cando se aprobou o código técnico da edificación, pero todo iso dá unha sensación falsa de actividade. Si non fora por esas dúas cousas estaríamos diante dunha actividade menor e moito máis espazada no tempo.

—Está escaseando o traballo para os arquitectos polo tanto?

—É delicado precisar ata que punto, pero hai algúns indicadores que así o poñen de manifesto. O traballo estivo vencellado sempre a iso que se chama o sector do ladrillo, a construción de vivenda pura e dura e si hai problemas neste campo o lóxico é que haxa problemas. Sei dalgún compañeiro que xa tivo que facer axustes nas súas plantillas por culpa do descenso da carga de traballo e ao mellor ten que pechar algún estudio antes de final de ano.

—Os construtores piden ás administracións que liciten máis obra pública. ¿Pode ser esa unha solución para os arquitectos?

—É lóxico que os promotores pidan ese esforzo ás administracións, sen embargo iso non sería ningunha vantaxe para os arquitectos porque cando un promotor fala de que se faga máis obra pública refírese fundamentalmente ás infraestruturas como o tren de alta velocidades ou as autovías. Nese eido traballan as empresas construtoras, pero non tanto os arquitectos porque ese é un sector onde son especialistas os enxeñeiros, que son os que teñen as competencias. Unicamente podería haber algunha obra na que primase o deseño onde un arquitecto tivese participación. Por exemplo, cando se fixo a ponte do Milenio aquí na cidade, contou tamén



PILI PROL

Xan Rodríguez espera que a crise do sector acabe canto antes

cun arquitecto.

—Pode haber un espazo na promoción de vivenda unifamiliar para saír da crise?

—Si, pero tampouco ese sector está medrando demasiado. Pensa que a construción deste tipo de residencias está sometida cada vez a máis restricións por parte das administracións. É necesario atopar un chan que teña planeamento compatible e que

cumpra con todos os requisitos, xa que ata o de agora non era tan esixente. Máis que iso, creo que a solución a curto prazo está na potenciación de sectores como o da rehabilitación. Pero, o mellor sería que todo se normalizase canto antes e esperar que esta crise reponte axiña para volver a retomar o pulso que tiña hai algúns meses, aínda que isto xa se vía vir.

VENTA Y COLOCACIÓN DE PARQUETS Y TARIMAS

Núñez y Gallego S.L.

Almacén y Oficinas: Avda. Universidad, 47 bajo - ORENSE • ☎ 988 23 20 35 - Fax: 988 23 20 35

- PORQUE TENEMOS LOS MEJORES PROFESIONALES
- PORQUE CONTAMOS CON LA MEJOR MAQUINARIA Y LOS MEJORES PRODUCTOS
- PORQUE NOS AVALAN 20 AÑOS A SU SERVICIO

PULIDO Y BARNIZADO - RESTAURACIÓN DE PAVIMENTOS DE MADERA - INSTALACIÓN DE RODAPIÉS



PIZCANAL, S.L.

FAMILU®

CUBIERTAS DE PIZARRA

CANALÓN DE ALUMINIO EN CONTINUO

Teléf. 988 40 95 05 Móvil 616 47 77 75

32880 MUÍÑOS (Ourense)



Excavaciones
y Transportes

**Pedro
Prol
Formoso**

Transportes, Servicio de góndola, Voladuras especiales, Venta tierra vegetal, Excavaciones, Movimientos de tierra

Presupuestos: San Francisco Blanco, 6 - 1ª C - Teléfono 988 219 036 - Fax 988 374 521
Móvil 608 884 906 - Ourense - Email: pedroprol@hotmail.com